

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 20/10/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 20/10/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora I.2 do Imposto sobre bens inmobles (IBI).

2. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora I.5 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

3. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora II.2 da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio.

4. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora II.5 da Taxa de depuración de augas residuais

5. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora II.10 da Taxa por recollida de lixo.

6. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora II.11 da Taxa por utilización das instalacións existentes nos mercados.

7. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora II.12 da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

8. Aprobación provisional, se procede, da Ordenanza Fiscal II.17 reguladora da Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local (solo, subsolo ou voo) por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral

9. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora II.15 da Taxa da rede de sumidoiros.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

A seguir procédese ao debate conxunto dos asuntos de tódalas ordenanzas, realizando a súa votación de forma independente

1.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA I.2 DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, en aplicación do artigo 77 da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que atribúe a liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda unha modificación na bonificación establecida

para os suxeitos pasivos titulares de familias numerosas.

Vistos os informes de tesourería e secretaría, efectúase a seguinte proposta ao Pleno:

PRIMEIRO.- No artigo 3.1.3., primeiro parágrafo propónse a modificación do segundo dos requisitos esixidos para gozar da bonificación, coa finalidade de que nos queden excluídas aquelas rendas baixas que teñan porcentaxes pequenas noutras propiedades (que segundo a práctica habitual se corresponden con participacións en herdanzas das que non poden dispoñer). O parágrafo quedaría redactado do seguinte modo:

1.- Que non dispoñan de máis bens ou propiedades urbanas de pleno dominio en porcentaxe superior ao 20% que a súa residencia habitual (exclúese a condición de que sexa de protección oficial).

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora I.2 do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal do BNG (1), e oito votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE Por .maioría:

PRIMEIRO.- Aprobado provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal Reguladora I.2 do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI).

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

2.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN D ORDENANZA FISCAL REGULADORA I.5 DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza nº I.5 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº I.5 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, en aplicación do artigo 97 da lei reguladora das Facendas Locais, aprobada polo real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que atribúe a xestión, liquidación, inspección e recadación ao concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense unha serie de modificacións nela, co fin de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión tributaria, simplificando a tramitación dos expedientes ou non requirindo aos contribuíntes documentación da que xa dispón á Administración.

Vistos os informes de tesourería e secretaría, efectúase a seguinte proposta ao Pleno:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes modificacións no articulado da ordenanza:

Primeiro.- No segundo parágrafo do artigo 4.1.d) propónse a supresión do seguinte texto:

Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como único condutor/a na póliza do seguro do vehículo.

Segundo.- Efectuar as seguintes modificacións no artigo 4.2:

1. Suprimir a bonificación do 50% para vehículos híbridos do apartado 2.1. Esta bonificación xa está incluída nas do apartado 2.2.

2. Engadir no apartado 2.2 de bonificacións, para vehículos 0 emisións, os vehículos de pila de combustible; e nos vehículos ECO, os vehículos híbridos enchufables con autonomía de menos de 40 km e vehículos propulsados por gas natural licuado.

Terceiro.- No artigo 4.3 propóñense as seguintes modificacións:

1. A modificación do apartado 3.2, que quedará redactado do seguinte xeito:

Para o outorgamento da exención prevista para os vehículos conducidos por persoas con discapacidade, a persoa interesada deberá declarar expresamente o uso exclusivo do vehículo, así como a renuncia á exención se a viñera gozando noutro vehículo.

Para poder gozar desta exención, deberase achegar a seguinte documentación:

a) Resolución do grado de minusvalía e da discapacidade física que padece, expedido polo Organismo ou autoridade competente.

b) Tarxeta de Inspección Técnica do Vehículo, para altas novas.

2. A supresión do último parágrafo do apartado 3.3, onde di:

Deberá achegarse tamén certificado de estar ao corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.

3. A supresión do último parágrafo do apartado 3.4, onde di:

Achegarse a seguinte documentación: fotocopia do DNI, fotocopia do permiso de circulación, fotocopia da ficha técnica, e, no seu caso, documento que xustifique a antigüidade do vehículo.

Cuarto.- Propónse a modificación do artigo 6.3, que quedará redactado da seguinte forma:

O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo. Neste último caso deberá solicitarse a devolución do importe dos trimestres que procedan, no casos nos que baixa sexa posterior á aprobación do padrón municipal do imposto.

Á solicitude de devolución deberá acompañarse certificado do nº de conta bancaria para a devolución por transferencia bancaria, salvo que a devolución nalgunha conta donde o interesado teña domiciliado algún recibo.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por

conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora I.5 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP(5) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal do BNG (1) e dous votos en contra dos Concelleiros pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal Reguladora I.5 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

3.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.2 DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A

DOMICILIO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2023.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

- Modificación das tarifas do art. 9 da O.F. N° II.2 e modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +10,80% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2021 a xullo/2022), con efectos para o 2023, tal e como consta na proposta de Espina & Delfin.
- Actualizar tamén os importes previstos na Ordenanza para aqueles supostos de usos comerciais e industriais que non teñan instalado contador, quedando co seguinte importe:

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 11,49 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 23,63 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

Informado favorablemente, propono que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal N° II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,355122 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,447884 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,477644 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,820 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 5,375 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 11,49 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,447884 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,524682 € / m³
- Cota mensual de servizo . 4,366 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 8,844 € / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,447884 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,540746 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,366 € / abonado mes
- Cota mínima mensual ... 15,563 € / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 23,63 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,471659 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,549770 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,366 € / abonado mes

- Cota mínima mensual 35,024 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,208 €/ abonado mes, máis IVE.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2022

1.- ACOMETIDAS:

Acometida Gabia terra (A) Gabia asfalto (B) Gabia baldosa-beirarrúa (C)

¾ " 214,12 € 282,42 € 340,89 €

1 " 235,15 € 302,77 € 360,59 €

1 ½ " 311,33 € 379,62 € 438,86 €

2 " 370,42 € 437,44 € 495,89 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾" 1" 1½" 2" .

(A) Incremento de por m. 11,24 € 13,16 € 23,62 € 31,52 €

(B) Incremento de por m. 24,75 € 26,66 € 37,22 € 44,98 €

(C) Incremento de por m. 29,76 € 31,66 € .41,79 € 49,92 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm.... 94,05 € / ud.; 20 mm.... 118,64 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN) €

? 15 mm. 64,96 /ud.

? 20 mm. 89,55 /ud.

? 25 mm. 145,83 /ud.

? 30 mm. 203,86 /ud.

? 40 mm. 316,12 /ud.

? 50 mm. 690,49 /ud.

? 65 mm. 856,00 /ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 21,07 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.2 da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e Concelleiro non adscrito (1), seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e do BNG (1), e dous votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1).

ACORDASE: Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal reguladora II.2 da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.5 DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2023.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2023, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +10,80% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2021 a xullo/2022), con efectos para o 2023.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2023.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,760
Uso comercial	3,769
Uso industrial	6,956
b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:	
	€/ mes
Uso doméstico	3,895
Uso comercial	4,884
Uso industrial	11,133
B) CONSUMO SERVIZO AUGA:	
Uso doméstico:	
	€
Cada m ³ consumido	0,097029

Uso comercios:	€
Cada m ³ consumido	0,097029
Uso industrial:	€
Cada m ³ consumido	0,097029

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	6,956
Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,097029

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.5 da Taxa de depuración de augas residuais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e Concelleiro non adscrito (1), seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e do BNG (1), e dous votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1).

ACORDASE: Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal II.5 da Taxa de depuración de augas residuais.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

5.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.10 DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal, Nº II.10 reguladora da TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO

As modificacións propostas son as seguintes (en cursiva).

Primeiro.- No artigo 6 .a) propónse a modificación do segundo dos requisitos esixidos para gozar da bonificación, coa finalidade de que nos queden excluídas aquelas rendas baixas que teñan porcentaxes pequenas noutras propiedades (que segundo a práctica habitual se corresponden con participacións en herdanzas das que non poden dispoñer) ou que sexan propietarias de pequenas fincas rústicas.

O parágrafo quedaría redactado do seguinte modo;

E non se dispoña de máis propiedades de pleno dominio en porcentaxe superior ao 20% que a vivenda onde residan (no se inclúen neste cálculo os bens rústicos sen construción con valor catastral inferior a 400 €).

Segundo.- Propónse a supresión do apartado 3 do artigo 9, xa que actualmente os ingresos xa

non se efectúan na Tesourería municipal.

Ditas modificacións deben ser informadas pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas, para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Propóñese:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.10 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.10 da Taxa por recollida de lixo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e do BNG (1), e un voto en contra, do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1).

ACORDASE: Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal reguladora II.10 da Taxa por recollida de lixo.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.10 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

6.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA

FISCAL REGULADORA II.11 DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES

NOS MERCADOS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DE ALCALDÍA

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal, Nº II. 11 reguladora da TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES NOS MERCADOS DESTE CONCELLO .

As modificacións propostas son as seguintes (en cursiva).

Primeiro.-No art.5 deben suprimirse as referencias á praza de abastos de Carril, porque non hai praza.

Segundo.- No artigo 5, na tarifa por concesión e ocupación de postos na praza de abastos de Vilagarcía, suprimíranse as relativas a:

Id id para venda de peixes	37,30
Id id de postos cerrados para cámaras frigoríficas	49,70

dado que non existen postos pechados nin para venda de peixes (efectúase en postos abertos) nin para cámaras frigoríficas (que teñen unha tarifa específica no propio artigo 5).

Terceiro.- No artigo 5, na tarifa de ocupación de postos libres no interior da praza de abastos:

- Suprimíranse a relativa a:

Con peixes, mariscos, na mesa de ata 2 M/2, por día	3,10
---	------

dado que non existen postos libres para a venda de peixes (efectúase en postos abertos).

- Suprímese a tarifa relativa a “PORCOS”, porque xa non existe este tipo de venda.
- Suprímense as observacións Segunda e Terceira do artigo 5, por non resultar de aplicación.

Cuarto.- O artigo 6, no seu apartado 5º, quedará redactado da seguinte forma:

5º.-As persoas interesadas en ocupar postos por día, deberán solicitalo por escrito, cumprimentando o formulario pertinente, ben no propio Concello ou a través da sede electrónica. Engádesse un apartado 6º onde se establece a obrigatoriedade de domiciliación.

6º.- O pago da taxa deberá ser obxecto de domiciliación bancaria, mediante a consignación do IBAN no formulario de solicitude. Os cargos efectuaranse por períodos completos. Cando o interesado solicite a baixa, esta terá efectos no período seguinte ao da súa solicitude

Quinto.- Modifícase o artigo 7º para adaptar a xestión da taxa ao sistema de domiciliación e periodicidade de cobranza, en función do tipo de ocupación, para o que se propón a seguinte redacción:

ARTIGO 7

1º.- A devindicación da Taxa regulada por utilización de postos fixos nace:

1. Concesións provisionais: No momento da súa concesión.
2. Concesións permanentes: Unha vez adxudicadas e notificadas e antes de entrar no uso e goce dos postos.
3. Concesións xa autorizadas: O día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2º.- O pago do Taxa realizarase:

1. Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, sempre antes de retira-la

correspondente licenza. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/88, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.

Unha vez incluídos na relación de usuarios, o pago farase mediante cargo na conta sinalada para a domiciliación bancaria, segundo dispón o artigo 6.6º da presente ordenanza.

O cargo terá carácter mensual no caso das ocupacións reguladas nas tarifas PRAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA e PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN.

O cargo terá carácter trimestral no caso das ocupacións reguladas nas tarifas OCUPACIÓN DE POSTOS LIBRES NO INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS e UTILIZACIÓN DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS.

2. Tratándose de concesións de aproveitamentos xa prorrogados unha vez incluídos na relación de usuarios, nos períodos que se sinalan no punto a).
3. No caso de baixa ou cesión, para as ocupacións que teñen establecido o cargo con carácter trimestral, ratearase a tarifa por meses completos. Para as ocupacións que teñen establecido o cargo con carácter mensual, a baixa ou cesión producirá efectos no mes seguinte ao da solicitude.

Sexto.- Suprímese o último parágrafo do artigo 8º da ordenanza.

Ditas modificacións deben ser informadas pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas, para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Propóñese:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.11 da Taxa por utilización das instalacións existentes nos mercados.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (5), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta da Ordenanza fiscal reguladora II.11 da Taxa pola utilización das instalacións existentes nos mercados

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.11 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

7.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.12 DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DE ALCALDÍA

O art. 20.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais indica que : As Entidades Locais, nos termos previstos nesta Lei poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local

En aplicación desta previsión legislativa o Concello de Vilagarcía de Arousa acordou o establecemento e ordenación da Ordenanza Fiscal nº II.12 reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local.

A Concelleira de Economía e Facenda propón unha serie de modificacións que afectan á xestión e, vistos os informes de secretaría e tesourería, efectúase a seguinte proposta ao Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobación das seguintes modificacións:

Primeira.- Modificación do art. 5, Epígrafe B) Ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais, entullos, valados, grúas, andamios e outras instalacións análogas.

A tarifa establecida para o punto 1 deste epígrafe consiste nun prezo por metro cadrado por mes ou fracción. É dicir, non se teñen en conta os días de ocupación efectiva, sendo o importe para abonar o mesmo para unha ocupación de cinco, dez ou trinta días.

Neste punto débese suprimir en todo caso a referencia ao mes natural pois, tal e como está agora configurada, si se realiza unha ocupación desde o día 1 ao 30 do mesmo mes, o contribuínte deberá pagar a cota correspondente a 1 mes, que será como mínimo de 30 €. Pola contra, se a ocupación efectúase desde o 28 dun mes ata o día 3 do mes seguinte (6 días de ocupación efectiva) deberá pagar dous meses (mínimo 60 €).

Propónse suprimir a referencia aos andamios voados que se efectúa no apartado B.2, xa que son un caso particular de tipo de andamio que non necesita diferenciación, máis cando actualmente a súa instalación é residual.

Respecto ao epígrafe B.3, propónse engadirle ao mesmo o actual contido do epígrafe e.2.4: reserva de espazo para colectores de materiais e entullos.

Na ordenanza impóñense, con carácter xeral, unhas recargas sobre a tarifa para ocupacións sen solicitude ou por non axustarse a ocupación á solicitude efectuada.

Estas recargas, tal e como están establecidos, poderían non ter sustento legal, considerándose máis adecuado en todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, remitirse ao disposto para

o efecto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Propónse polo tanto a supresión do seguinte parágrafo en todos casos en que conste:

Ás ocupacións sen solicitude ou sen licenza aplicarase un recargo do 25% sobre as tarifas durante o tempo que dure a ocupación (aínda que a solicitude se efectúe con posterioridade á ocupación).

Desta forma, o artigo 5, epígrafe b) quedaría redactado da seguinte forma:

1.- OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ANDAMIOS, VALADO DE CERRE PARA CALQUERA CLASE DE OBRA, CON CASSETAS DE OBRA OU SIMILARES:

- Devengarán por cada m² de ocupación (por mes ou fracción):

	€
1.1. En rúas de 1 ^a .	1,35
1.2. En rúas de 2 ^a e travesías	1,25
1.3. En rúas de 3 ^a e travesías	1,25
1.4. En Carril e Vilaxoán	1,25

Mínimo 30,00 €/mes.

As superficies das casetas de obra e similares instaladas dentro de valados de cerre para calquera clase de obra serán deducidas do total da superficie de estas.

2. OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MATERIAIS PARA OBRAS OU PARA A SÚA CARGA E DESCARGA, COLECTORES DE MATERIAIS, ENTULLOS, FORMIGONEIRAS OU CALQUERA OUTRA CLASE DE MAQUINARIA.

Por cada metro cadrado de ocupación por cada día ou fracción:

a) Cota fixa.....10,00 €

b) Por cada m² de vía pública que se ocupe

previa sinalización polas autoridades

municipais.....0,45 €/día

3. OCUPACIÓN E VOO SOBRE A VÍA PÚBLICA DE GRÚA E PLUMAS

3.1 Instaladas dentro das obras, con voo sobre a vía pública, por cada aparato ao mes ou fracción	29,15 €
3.2 Instaladas na vía pública, por cada aparato ao mes ou fracción	87,50 €
3.3 Instaladas na calzada, por cada aparato ao mes ou fracción	145,75 €

Segundo.- Modificación da Tarifa A do art. 5 Epígrafe C) Instalación de postos, barracas, casetas de feira, espectáculos ou atraccións localizadas en terreos de uso público e industrias ambulantes e rodaxe cinematográfica.

A Tarifa A) 1.1 aplicable actualmente a “vendedoras de froitos, legumes, verduras e similares, que establecen habitualmente os seus postos non exterior dá Praza de Abastos” quedou desfasada, dado que esas actividades pasaron a ser desenvoltas no interior da praza de abastos, rexéndose na actualidade pola Ordenanza II.11 reguladora dos mercados do Concello. Propónse, polo tanto, a súa supresión.

Terceiro.- Modificación do art. 5 Epígrafe D) Apertura de gabias ou prospeccións en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

Propónse especificar no enunciado do apartado b) que se trata de apertura de gabias para construción de cámaras, pois a súa redacción actual préstase a confusión.

Cuarto.- Modificación do apartado e.2 Reserva de espazo, do art. 5 Epígrafe E) Entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías.

Recóllense diferentes supostos de reserva de espazo para carga e descarga de mercadorías, colocación de materiais e paradas de distintos tipos de transporte.

Pois ben, no que se refire a mercadorías e materiais, nalgunhas tarifas prodúcese un solapamento co epígrafe B, polo que se propón trasladar estes supostos ao epígrafe B), como se indica a continuación:

- Epígrafe e.2.1. Propónse engadir ao mesmo a ocupación por mudanzas e elevadores sen necesidade de corte de tráfico. No caso das mudanzas, se estas se efectuaran entre dous

emprazamentos do termo municipal de Vilagarcía de Arousa e sempre que se realice no mesmo día, pagarase unha única taxa, aplicando a tarifa do emprazamento de maior categoría, se existira.

- Epígrafe e.2.2. Debido a que se produce unha clara duplicidade co epígrafe B, propónse a súa eliminación, ao entendela recollida dentro dos supostos do actual epígrafe b.3.
- Epígrafe e.2.4 Tamén se propón a súa eliminación ao incluír o seu contido no epígrafe b.3, como mencionamos máis arriba ao estar este vinculado a obras.

Na ordenanza impóñense, con carácter xeral, unhas recargas sobre a tarifa para ocupacións sen solicitude ou por non axustarse a ocupación á solicitude efectuada.

Estas recargas, tal e como están establecidos, poderían non ter sustento legal, considerándose máis adecuado en todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, remitirse ao disposto para o efecto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Propónse polo tanto a supresión do seguinte parágrafo:

Ás reservas de espazo correspondentes ó 2.1 e 2.4 aplicaranse as seguintes regras:

1. CON SOLICITUDE DOS INTERESADOS: Aplicarase a tarifa establecida en cada momento pola Ordenanza en vigor.
2. CON SOLICITUDE SEN AXUSTARSE Á MESMA: A cada m² de vía pública ocupada en exceso se lle aplicará un recargo do 50% sobre a tarifa en vigor, sen que poida facturarse por un importe inferior ó mínimo establecido.
3. SEN SOLICITUDE: A cada m² de vía pública ocupada se lle aplicará un recargo do 100% sobre a tarifa establecida, sen que poida facturarse por un importe inferior ó mínimo establecido.

Poderán ser concertados pola Xunta de Goberno Local debendo ser informado polos Servizos Técnicos Municipais.

Quinto.- Modificación do art. 5 Epígrafe H) Outras ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

Neste epígrafe recóllense outras ocupacións do chan, subsolo e voo da vía pública e, en particular, a coñecida como taxa do 1,5% que deben abonar as empresas comercializadoras de subministracións.

Neste caso, tendo en conta a importancia da mesma, en atención aos ingresos que xera e máis nun concello da entidade de Vilagarcía de Arousa, estímase conveniente recoller esta taxa do 1,5% nunha ordenanza individualizada e específica. Ademais, cóntase coa vantaxe de que non se precisa informe técnico económico, ao estar establecido por lei o tipo impositivo.

Sexto.- Modificación do artigo 6

Propónse modificar o primeiro parágrafo, que quedará redactado da seguinte forma:

- No caso do epígrafe c), instalación de postos, barracas, casetas de feira, espectáculos ou atraccións localizadas en terreos de uso público e industrias ambulantes e rodaxe cinematográfico, no momento en que se inicie a utilización privativa ou aproveitamento especial, coincidindo o período impositivo co número total de días de aproveitamento solicitado ou efectivamente realizado se non se fixo solicitude, excepto no seu apartado A.1. para as actividades suxeitas ao Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa (BOP 21/09/2018) no que o período impositivo coincide co ano natural.

Sétimo.- Modificación do artigo 7

Propónse modificar o artigo 7, que quedará redactado da seguinte forma:

O pago da taxa realizarase:

- No caso do apartado A.1 do epígrafe c), o importe da taxa deberá ser obxecto de domiciliación bancaria, mediante consignación do IBAN no impreso de solicitude ou renovación de tarxeta para o exercicio de venda ambulante. Os cargos realizaranse trimestralmente.
- No caso dos restantes apartados de epígrafe c), e dos epígrafes d) e f), o importe da taxa deberá ser ingresado, con carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 do R.D.L. 2/2002, de 5 de marzo, no momento de formalizar a solicitude polos

interesados.

- No caso do resto dos epígrafes, cando se trate de novos aproveitamentos realizárase sempre antes de retirala correspondente licenza, este ingreso terá tamén carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, quedando elevado a definitivo ao conceder a licenza correspondente.

Octavo.- Modificación do artigo 8.6.

Engádesse un novo parágrafo ao apartado 6 e modifícase o actual parágrafo segundo.

1. Nos epígrafes a), b), e), g) e h) a baixa producirá efectos a partires do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da tarifa. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa, no prazo indicado, determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

No epígrafe c, tarifa A 1.1. as baixas producirán efecto no trimestre natural seguinte.

No caso de ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa as solicitudes deberán efectuarse antes do 1 de decembro do ano anterior a aquel en que a baixa vaia surtir efectos.

Noveno.- Supresión da disposición transitoria

Propónse a supresión por ter transcorrido o período de aplicación da mesma.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.12 da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e do BNG (1), e un voto en contra, do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1).

ACORDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificacións propostas da Ordenanza Fiscal Reguladora II.12 da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao

público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

8.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.17 DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de aprobación da Ordenanza Fiscal nº II.17 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local (solo, subsolo ou voo) por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

O artigo 20.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que as entidades locais, nos termos previstos nesta lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local; e, en particular, pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral, conforme ao disposto no apartado 3 do mesmo artigo.

En uso desta facultade o Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº II.12 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, que no seu epígrafe h) contempla a taxa por outras ocupacións do subsolo, solo e voo. E para estes casos establécese unha contía da taxa o 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á totalidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda, e á vista da proposta efectuada pola empresa Noroeste Local SL o 06.05.2022, tendo en conta a importancia desta taxa do 1,5%, en atención aos ingresos que xera e máis nun concello da entidade de Vilagarcía de Arousa, considérase conveniente establecer unha ordenanza individualizada e específica para esta taxa.

Polo exposto, efectúase a seguinte proposta ao Pleno:

PRIMEIRO: Aprobar a Ordenanza Fiscal nº II.17 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local (solo, subsolo ou voo) por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

ARTIGO 1. – Fundamento e natureza

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por uso privativo ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración que sexan de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerán pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. – Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou os aproveitamentos especiais

constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

ARTIGO 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tanto se son titulares das redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de acceso ou interconexión a estas. A estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

ARTIGO 4.- Sucesores e responsables tributarios

Son sucesores da débeda tributaria pendente e responsables solidarios ou subsidiarios xunto aos debedores principais, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 40, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos termos establecidos nos mesmos.

ARTIGO 5.- Cota tributaria

O importe da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local a que se refire esta ordenanza consistirá no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal de Vilagarcía de Arousa as empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade o a unha parte importante da veciñanza.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación os obtidos como contraprestación polos servizos de subministración prestados neste termo municipal, con exclusión dos impostos indirectos que graven os servizos prestados, as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio do suxeito pasivo e as cantidades percibidas por aqueles servizos de subministración que vaian a ser utilizados naquelas instalacións que se atopen inscritas na sección 1ª ó 2ª del Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para a xeración de enerxía susceptible de tributación por este réxime.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso o interconexión ás súas redes. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe desta taxa non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de subministración a que se refire esta ordenanza.

A cota tributaria que puidera corresponderlle a Telefónica de España S.A., estará englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º de la Lei 15/1987, de 30 de xullo, de tributación da Compañía Telefónica Nacional de España.

Esta taxa é compatible con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que as mencionadas empresas explotadoras de servizos de subministracións deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando excluída polo pagamento desta taxa a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo do dominio público local.

ARTIGO 6.- Devindicación

A taxa regulada nesta ordenanza ten natureza periódica e devindicarase o 1 de xaneiro de cada ano. O período impositivo coincidirá co ano natural, agás nos supostos de inicio ou cesamento no uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local, en cuxo caso o período impositivo axustarase a estas circunstancias co conseguinte rateo da cota por trimestres naturais completos incluído aquel no que teña lugar o mencionado inicio ou cesamento.

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nacerá no momento de solicitar a licenza ou autorización correspondente. Naqueles supostos nos que o uso privativo ou aproveitamento especial regulado nesta ordenanza non requira licenza ou autorización, a obriga de pagamento nacerá dende o inicio de dito uso privativo ou aproveitamento especial, entendéndose que este ten lugar no momento no que se inicia a prestación do servizo de

subministración de que se trate.

ARTIGO 7.- Xestión

A taxa establecida pola presente ordenanza esíxese en réxime de autoliquidación que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos procedentes da facturación obtidos no termo municipal de Vilagarcía de Arousa no trimestre natural ao que se refira a mesma.

Presentarase ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao longo do mes seguinte a cada trimestre natural (xaneiro, abril, xullo e outubro), a través da Sede Electrónica municipal, unha autoliquidación por cada tipo de subministración efectuado no municipio segundo o modelo oficial aprobado ao efecto, no que faranse constar os conceptos que se indican a continuación:

- Importe dos ingresos brutos procedentes da facturación a consumidores finais obtidos como contraprestación polos servizos de subministración prestados no municipio ou procedentes da facturación a terceiros en concepto de acceso ou interconexión a redes propias.
- Importe a deducir das cantidades aboadas a outras empresas por dereitos de acceso ou interconexión a redes alleas.

A alta ou cesamento na prestación dun tipo de subministración de interese xeral comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente no que dita alta ou cesamento teña lugar.

Achegarase ao modelo de autoliquidación relación individualizada dos rexistros de facturación emitida no termo municipal que garanta a veracidade da información e na que constarán ao menos os seguintes conceptos:

- Data da factura
- Nome do cliente
- NIF do cliente
- Código da factura
- Código Universal do Punto de Subministración (CUPS) e/ou Número de Identificación da Subministración (NIS)
- Importes que conforman a factura

Presentada a autoliquidación trimestral correspondente, expedirase un documento de pagamento para o interesado que lle permitirá satisfacer a cota tributaria en calquera dos lugares que se indiquen no mesmo, debendo efectuarse o pagamento dentro do mes seguinte ao trimestre obxecto de declaración.

A presentación dunha autoliquidación fora do prazo establecido neste artigo, sen que medie requirimento previo desta Administración, comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade e, no seu caso, dos xuros de mora que correspondan, segundo o previsto no artigo 27 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A falta de ingreso en prazo da débeda tributaria a ingresar mediante autoliquidación presentada determinará o inicio do período executivo conforme ao disposto no artigo 161.1.b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e comportará a esixencia dos xuros de mora e recargas que correspondan segundo o disposto nos artigos 26 e 28 do devandito texto legal.

A falta de ingreso en prazo da totalidade ou parte da débeda tributaria que debера resultar da correcta autoliquidación desta taxa será constitutiva da infracción tributaria tipificada no artigo 191 de la citada Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo o disposto no mencionado precepto, e comportará la esixencia dos xuros de mora que correspondan de conformidade có previsto no artigo 26 da citada Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os apartados da Ordenanza Fiscal nº II.12 Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local que fan referencia específica á utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza quedan automaticamente derogados coa entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente mentres non se ordene a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do

Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.17 da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (5), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal do BNG (1), e un voto en contra, do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1).

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal nº II.17 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local (solo, subsolo ou voo) por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

9.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.15 DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 20 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó

disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal, Nº II.15 reguladora da TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS . As modificacións propostas son as seguintes (en cursiva).

Primeiro.- No artigo 5.5.a) propónse a modificación do segundo dos requisitos esixidos para gozar da bonificación, coa finalidade de que nos queden excluídas aquelas rendas baixas que teñan porcentaxes pequenas noutras propiedades (que segundo a práctica habitual se corresponden con participacións en herdanzas das que non poden dispoñer) ou que sexan propietarias de pequenas fincas rústicas.

O parágrafo quedaría redactado do seguinte modo:

E non se dispoña de máis propiedades de pleno dominio en porcentaxe superior ao 20% que a vivenda onde residan (no se inclúen neste cálculo os bens rústicos sen construción con valor catastral inferior a 400 €).

Segundo.- Propónse a modificación do artigo 8.1, que quedará ca seguinte redacción:

1. Devíndicase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible

Terceiro.- Dado que a taxa ten carácter anual, nos casos de novas altas esíxese o mesmo importe da taxa para aqueles casos nos que se inicia a actividade en xaneiro que para os que inician a actividade en decembro do mesmo ano. Aos efectos de efectuar unha diferenciación entre os que gozan do servizo durante un período máis longo (sempre no caso de novas altas) propónse ratear o taxa por trimestres. Deste xeito, no artigo 9.2 engadírase un apartado 2.bis ca seguinte redacción:

2.bis. Nos dous supostos anteriores ratearase a taxa por trimestres naturais.

Cuarto.- Propónse a supresión do apartado 4 do artigo 10, xa que actualmente os ingresos xa non se efectúan na Tesourería municipal.

Ditas modificacións deben ser informadas pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas, para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Propónse:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.15 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.15 da Taxa da rede de sumidoiros.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e do BNG (1), e dun voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1).

ACORDASE Por maioría::

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza fiscal reguladora II.15 da Taxa de rede de sumidoiros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.15 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2023.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.